| 3110910057628 | 2687 | Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Clínica de Taragoña. Setembro 2011 | 2011.0.312.0.22100 | 200,19 € | 205 |
| 3110910053886 | 2688 | Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Polideportivo de Taragoña. Setembro 2011 | 2011.0.340.0.22100 | 260,83 € | 206 |
| 3110910045311 | 2689 | Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. C.F. A Lomba. Setembro 2011 | 2011.0.340.0.22100 | 537,53 € | 207 |
| 3110910060905 | 2690 | Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. C.F. Vilas. Setembro 2011 | 2011.0.340.0.22100 | 941,88 € | 208 |
| 3110910173093 | 2691 | Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Biblioteca. Setembro 2011 | 2011.0.330.0.22100 | 100,34 € | 209 |
| 3110910114538 | 2692 | Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Centro Cultural Sestelo. Setembro 2011 | 2011.0.330.0.22100 | 115,83 € | 210 |

| | | | | | |
|---------------|------|----------------------------------------------------------------------------|--------------------|------------|-----|
| 3110910132664 | 2693 | Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Cultura. Setembro 2011 | 2011.0.330.0.22100 | 360,71 € | 211 |
| 1110910484931 | 2695 | Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. IrmánsÍnsua. Setembro 2011 | 2011.0.165.0.22100 | 408,59 € | 212 |
| 1110911636792 | 2696 | Gas Natural S.U.R. Alumeado. Auditorio. Setembro 2011 | 2011.0.330.0.22100 | 658,68 € | 213 |
| 1110911954748 | 2697 | Gas Natural S.U.R. Alumeado. Auditorio. Setembro 2011 | 2011.0.330.0.22100 | 1.015,07 € | 214 |
| 1110910706719 | 2698 | Gas Natural S.U.R. Alumeado. Punto Limpo. Setembro 2011 | 2011.0.165.0.22100 | 27,48 € | 215 |
| 1110911114363 | 2699 | Gas Natural S.U.R. Alumeado. Club(s) Remo/Piragüismo. Setembro 2011 | 2011.0.340.0.22100 | 132,07 € | 216 |
| 1110910588640 | 2700 | Gas Natural S.U.R. Alumeado. Polideportivo de Rianxo. Setembro 2011 | 2011.0.340.0.22100 | 1.032,04 € | 217 |
| 1110910726996 | 2701 | Gas Natural S.U.R. Alumeado. C.Fútbol Sta. Lucía. Setembro 2011 | 2011.0.340.0.22100 | 33,51 € | 218 |
| 1110940790656 | 2704 | Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado escolas. Cubide. Setembro 2011 | 2011.0.321.0.22100 | 4,48 € | 219 |
| 1110910817416 | 2705 | Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado escolas. Cruz. Setembro 2011 | 2011.0.321.0.22100 | 5,57 € | 220 |
| 1110910960196 | 2706 | Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Vilar. Setembro 2011 | 2011.0.321.0.22100 | 9,12 € | 221 |
| 1110911806303 | 2707 | Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Pazo. Setembro 2011 | 2011.0.321.0.22100 | 11,00 € | 222 |
| 1110910783467 | 2708 | Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Pazo. Setembro 2011 | 2011.0.321.0.22100 | 15,66 € | 223 |
| 1110910755400 | 2709 | Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Contres. Setembro 2011 | 2011.0.321.0.22100 | 20,72 € | 224 |
| 1110911654913 | 2710 | Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Burés. Setembro 2011 | 2011.0.321.0.22100 | 21,74 € | 225 |
| 1110910444580 | 2711 | Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Laxe. Setembro 2011 | 2011.0.321.0.22100 | 23,14 € | 226 |
| 1110910984512 | 2712 | Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Isorna. Setembro 2011 | 2011.0.321.0.22100 | 23,87 € | 227 |
| 1110911027603 | 2713 | Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Vacariza. Setembro 2011 | 2011.0.321.0.22100 | 44,91 € | 228 |
| 1110911941366 | 2714 | Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Buhía. Setembro 2011 | 2011.0.321.0.22100 | 76,32 € | 229 |
| 1110910749244 | 2715 | Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Asados. Setembro 2011 | 2011.0.321.0.22100 | 151,63 € | 230 |
| 1110910785847 | 2716 | Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Lemos. Setembro 2011 | 2011.0.165.0.22100 | 17,44 € | 231 |
| 1110911141875 | 2717 | Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Arcos Moldes. Setembro 2011 | 2011.0.165.0.22100 | 30,82 € | 232 |
| 1110911335077 | 2718 | Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Praia de Sartaxes. Setembro 011 | 2011.0.165.0.22100 | 43,41 € | 233 |
| 1110910441638 | 2719 | Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Cruceiro. Setembro 2011 | 2011.0.165.0.22100 | 46,66 € | 234 |
| 1110910441643 | 2720 | Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Chorente. Setembro 2011 | 2011.0.165.0.22100 | 46,84 € | 235 |
| 1110910673270 | 2721 | Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Burata. Setembro 2011 | 2011.0.165.0.22100 | 48,46 € | 236 |
| 1110910656416 | 2722 | Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Cubide. Setembro 2011 | 2011.0.165.0.22100 | 48,95 € | 237 |
| 1110911260108 | 2723 | Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Brión. Setembro 2011 | 2011.0.165.0.22100 | 52,46 € | 238 |
| 1110910768269 | 2724 | Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Castiñeiríña. Setembro 2011 | 2011.0.165.0.22100 | 53,62 € | 239 |
| 1110910431537 | 2725 | Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Corques. Setembro 2011 | 2011.0.165.0.22100 | 57,14 € | 240 |
| 1110910412208 | 2726 | Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Fachán. Setembro 2011 | 2011.0.165.0.22100 | 68,30 € | 241 |
| 1110910469570 | 2727 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 73,05 € | 242 |

| | | | | | |
|---------------|------|--------------------------------------------------------------------|--------------------|----------|-----|
| 1110910663304 | 2728 | Alumeado Público. Corques. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 75,51 € | 243 |
| 1110911228305 | 2729 | Alumeado Público. Lustres. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 76,35 € | 244 |
| 1110910441451 | 2730 | Alumeado Público. Or (Leiro). Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 87,18 € | 245 |
| 1110910729595 | 2731 | Alumeado Público. Cruceiro. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 89,90 € | 246 |
| 1110911951891 | 2732 | Alumeado Público. Pazo. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 94,16 € | 247 |
| 1110910944714 | 2733 | Alumeado Público. Sestelo. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 95,19 € | 248 |
| 1110911934358 | 2734 | Alumeado Público. Pastoriza. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 97,11 € | 249 |
| 1110910750708 | 2735 | Alumeado Público. Vilar. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 106,08 € | 250 |
| 1110910447203 | 2736 | Alumeado Público. A Capela. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 107,32 € | 251 |
| 1110911947566 | 2737 | Alumeado Público. Casilla. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 120,14 € | 252 |
| 1110910675218 | 2738 | Alumeado Público. Vacariza. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 123,03 € | 253 |
| 1110911968894 | 2739 | Alumeado Público. Foxacos. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 123,11 € | 254 |
| 1110911793799 | 2740 | Alumeado Público. Campelo. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 132,48 € | 255 |
| 1110910406960 | 2741 | Alumeado Público. Toural. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 137,88 € | 256 |
| 1110911720249 | 2742 | Alumeado Público. Castriño. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 140,83 € | 257 |
| 1110910740059 | 2743 | Alumeado Público. Mámoa. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 150,89 € | 258 |
| 1110911960335 | 2744 | Alumeado Público. Paradela. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 151,90 € | 259 |
| 1110911245884 | 2745 | Alumeado Público. Cerqueiras. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 152,27 € | 260 |
| 1110910777672 | 2746 | Alumeado Público. Meiquiz. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 156,90 € | 261 |
| 1110911229545 | 2747 | Alumeado Público. Ermida. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 169,52 € | 262 |
| 1110911276793 | 2748 | Alumeado Público. Tronco. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 172,08 € | 263 |
| 1110910804696 | 2749 | Alumeado Público. Castillo. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 178,04 € | 264 |
| 1110911038278 | 2750 | Alumeado Público. Outeiro. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 195,74 € | 265 |
| 1110910442980 | 2751 | Alumeado Público. Sestelo. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 201,00 € | 266 |
| 1110911781753 | 2752 | Alumeado Público. Pousada. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 206,63 € | 267 |
| 1110911754066 | 2753 | Alumeado Público. Fonte Susán. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 206,93 € | 268 |
| 1110910738130 | 2754 | Alumeado Público. Lemos. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 207,49 € | 269 |
| 1110910991368 | 2755 | Alumeado Público. Barral. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 211,94 € | 270 |
| 1110911258581 | 2756 | Alumeado Público. Ourille. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 224,60 € | 271 |
| 1110911775763 | 2757 | Alumeado Público. Tanxil. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 244,20 € | 272 |
| 1110910738439 | 2758 | Alumeado Público. Batán. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 247,72 € | 273 |
| 1110910659619 | 2759 | Alumeado Público. Igrexa. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 251,20 € | 274 |
| 1110910958920 | 2760 | Alumeado Público. As Miráns. Setembro 2011 Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 253,56 € | 275 |

| | | | | | |
|---------------|------|---------------------------------------------------|--------------------|-------------|-----|
| | | Alumeado Público. Rial. Setembro 2011 | | | |
| 1110910782365 | 2761 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 272,24 € | 276 |
| | | Alumeado Público. Soigrex. Setembro 2011 | | | |
| 1110911863654 | 2762 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 275,65 € | 277 |
| | | Alumeado Público. Isorna. Setembro 2011 | | | |
| 1110910393438 | 2763 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 278,16 € | 278 |
| | | Alumeado Público. Traba. Setembro 2011 | | | |
| 1110911686060 | 2764 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 301,44 € | 279 |
| | | Alumeado Público. Carballal. Setembro 2011 | | | |
| 1110911673810 | 2765 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 311,26 € | 280 |
| | | Alumeado Público. Vilas. Setembro 2011 | | | |
| 1110911769012 | 2766 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 315,51 € | 281 |
| | | Alumeado Público. Somoza. Setembro 2011 | | | |
| 1110911583199 | 2767 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 332,33 € | 282 |
| | | Alumeado Público. Pousada. Setembro 2011 | | | |
| 1110911330331 | 2768 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 336,38 € | 283 |
| | | Alumeado Público. Rañó. Setembro 2011 | | | |
| 1110910710370 | 2769 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 336,94 € | 284 |
| | | Alumeado Público. Igrexa. Setembro 2011 | | | |
| 1110912042321 | 2770 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 516,90 € | 285 |
| | | Alumeado Público. Abuín. Setembro 2011 | | | |
| 1110911944826 | 2771 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 530,39 € | 286 |
| | | Alumeado Público. Vacariza. Setembro 2011 | | | |
| 1110910713971 | 2772 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 585,56 € | 287 |
| | | Alumeado Público. Ourolo. Setembro 2011 | | | |
| 1110911415272 | 2773 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 647,85 € | 288 |
| | | Alumeado Público. Chorente. Setembro 2011 | | | |
| 1110911462105 | 2774 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 648,27 € | 289 |
| | | Alumeado Público. Outeiro. Setembro 2011 | | | |
| 1110910738456 | 2775 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 651,38 € | 290 |
| | | Alumeado Público. Rinlo. Setembro 2011 | | | |
| 1110911676516 | 2776 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 976,53 € | 291 |
| | | Alumeado Público. Pazo. Setembro 2011 | | | |
| 1110910509751 | 2777 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 1.014,49 € | 292 |
| | | Alumeado Público. Asadelos. Setembro 2011 | | | |
| 1110911651882 | 2778 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 1.177,39 € | 293 |
| | | Alumeado Público. Sta. Lucía. Setembro 2011 | | | |
| 1110911162457 | 2779 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 1.714,73 € | 294 |
| | | Alumeado Público. Campo de Arriba. Setembro 2011 | | | |
| 1110911933459 | 2780 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 2.167,16 € | 295 |
| | | Alumeado Público. Castillo. Setembro 2011 | | | |
| 1110912423793 | 2781 | Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 3.287,65 € | 296 |
| | | Alumeado Público. Paseo da Ribeira. Setembro 2011 | | | |
| 7069 | 2785 | Reyni, S.L. | 2011.0.340.0.22103 | 900,00 € | 297 |
| | | 1000 litros gasóleo para C.F. de Vilas. Dec. 2011 | | | |
| 155/2011 | 2810 | ARQO, Arquitectura e Urbanismo, S.L. | 2011.0.151.0.22706 | 428,87 € | 298 |
| | | 5ª certif. Centro sociocultural de Araño | | | |
| 966 | 2831 | O Piñeiro, S.L. | 2011.0.171.0.21000 | 317,00 € | 299 |
| | | Plantas para xardíns de Rianxo | | | |
| Y/1686 | 2836 | E. Varela e Hijos, S.L. | 2011.0.165.0.21300 | 194,68 € | 300 |
| | | Arranxo cable tirado por camión en Foxacos | | | |
| Y/1688 | 2837 | E. Varela e Hijos, S.L. | 2011.0.165.0.21300 | 1.111,32 € | 301 |
| | | Arranxo alumeado pista ACapela-As Miráns | | | |
| Y/1687 | 2838 | E. Varela e Hijos, S.L. | 2011.0.165.0.21300 | 74,23 € | 302 |
| | | Arranxo dun cortocircuito na Clínica de Taragoña | | | |
| Y/1461 | 2839 | E. Varela e Hijos, S.L. | 2011.0.165.0.21300 | 98,98 € | 303 |
| | | Sustituir lámpadas semáforos Taragoña | | | |
| Y/1581 | 2855 | E. Varela e Hijos, S.L. | 2011.0.165.0.21300 | 23.130,36 € | 304 |
| | | Instala. cableado Campo Fútbol de Vilas | | | |
| Y/1517 | 2856 | E. Varela e Hijos, S.L. | 2011.0.165.0.21300 | 519,20 € | 305 |
| | | Arranxo alumeado público en Corques | | | |
| Y/1516 | 2857 | E. Varela e Hijos, S.L. | 2011.0.165.0.21300 | 290,28 € | 306 |
| | | Arranxo tendido alumeado público en Laxe | | | |
| Y/1468 | 2858 | E. Varela e Hijos, S.L. | 2011.0.165.0.21300 | 226,63 € | 307 |

| | | | | | |
|---------------|------|----------------------------------------------------------------------------------|---------------------|--------------|-----|
| Y/1467 | | Arranxos por retirada poste luz en Araño E.Varela e Hijos, S.L. | 2011.0.321.0.21200 | 387,98 € | 308 |
| Y/1465 | 2860 | Arranxos en pista polideportiva de Asados E.Varela e Hijo2859 s, S.L. | 2011.0.165.0.21300 | 141,60 € | 309 |
| Y/1464 | 2861 | Colocación e retirada pancartas Distribunosa E.Varela e Hijos, S.L. | 2011.0.165.0.21300 | 87,32 € | 310 |
| Y/1463 | 2862 | Arranxos Festa Antrospinos, festaveciñal Sta.Lucia E.Varela e Hijos, S.L. | 2011.0.165.0.21300 | 61,31 € | 311 |
| Y/1462 | 2863 | Arranxo Centro de saúde de Taragoña E.Varela e Hijos, S.L. | 2011.0.165.0.21300 | 55,46 € | 312 |
| Y/1456 | 2864 | Sustitución lámpadas semáforos avisou Policía E.Varela e Hijos, S.L. | 2011.0.165.0.21300 | 4.412,46 € | 313 |
| Y/1407 | 2865 | Arranxo alumeadado públicoTaragoña pedido Gabi E.Varela e Hijos, S.L. | 2011.0.165.0.21300 | 200,60 € | 314 |
| Y/1406 | 2866 | Reposición porta fusibles en Dorna noite San Xoán E.Varela e Hijos, S.L. | 2011.0.165.0.21300 | 172,28 € | 315 |
| Y/1405 | 2867 | Arranxo e substitución alumeadado público Carballal E.Varela e Hijos, S.L. | 2011.0.165.0.21300 | 165,20 € | 316 |
| Y/1404 | 2868 | Reposición fusibles alumeadado público Laxe E.Varela e Hijos, S.L. | 2011.0.165.0.21300 | 215,94 € | 317 |
| N669-11 | 2882 | Reposición acometida eléc. alumead.público Burato Jose Ramon Lois Simans | 2011.0.453.0.21400 | 294,65 € | 318 |
| N688-11 | 2883 | 2 rótulas para obras Jose Ramon Lois Simans | 2011.0.453.0.21400 | 77,51 € | 319 |
| N672-11 | 2884 | Bidón aceite e tasa reciclado para obras Jose Ramon Lois Simans | 2011.0.453.0.21400 | 100,39 € | 320 |
| N693-11 | 2885 | Latas de aceite, tasa reciclado e latiguillo obra Jose Ramon Lois Simans | 2011.0.453.0.21400 | 260,07 € | 321 |
| N699-11 | 2886 | Bomba hidráulica e filtro hidráulico para obras Jose Ramon Lois Simans | 2011.0.453.0.21400 | 84,08 € | 322 |
| 1110812363423 | 2887 | Cámara 15x34 para obras Gas Natural S.U.R. | 2011.0.165.0.22100 | 70,75 € | 323 |
| 206-2/10 | | Alumeadado Público. Rañó. Agosto 2011 Aquagest | 2011.0.161.0.226.99 | 161.444,88 | 324 |
| TOTAL | | | | 367.111,88 € | |

Coas modificacións acordadas, o resumo por capítulos do vixente orzamento de gastos queda fixado segundo se detalla a continuación:

| CAPÍTULOS. | Consignación antes deste expediente. | Disminucións porbaixas por anulación | Aumentos por crédito extraordinario | Total da consignación resultante. |
|-------------------------------------------|--------------------------------------|--------------------------------------|-------------------------------------|-----------------------------------|
| 1.- GASTOS DE PERSOAL. | 2.342.743,71 € | 0,00 € | 0,00 € | 2.342.743,71 € |
| 2.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS. | 1.957.450,31 € | 367.111,88 | 0,00 € | 2.324.562,19 |
| 3.- GASTOS FINANCEIROS. | 129.127,52 € | 0,00 € | 0,00 € | 129.127,52 € |
| 4.TRANSFERENCIAS CORRENTES. | 152.600,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 152.600,00 € |
| 6.-INVESTIMENTOS REAIS. | 84.543,91 € | 0,00 € | 218,16 € | 84.762,07 € |
| 7.TRANSFERENCIAS DE CAPITAL. | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| 8.- ACTIVOS FINANCEIROS. | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| 9.- PASIVOS FINANCEIROS. | 975.260,45 € | 0,00 € | 0,00 € | 975.260,45 € |
| TOTAIS..... | 5.641.944,06 | 218,16 € | 218,16 € | 6.009.055,94 |

II.II.- Recurso financeiro.-

| CONCEPTO | DENOMINACIÓN | IMPORTE |
|----------|------------------------------------------------------|--------------|
| 911.00 | Prestamos recibidos a l/p de entes do sector publico | 367.111,88 € |

Segundo.- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ó público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

Terceiro.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ámbolos dous trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 25/06/2012, sendo este favorable.

O Alcalde di que xa están pagadas, forman parte da relación das incluídas no Plan de Axuste, non obstante hai que habilitar crédito para recoñecelos no orzamento deste ano pero insiste en que xa están abonadas.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que as facturas de Pymes e autonómicas deben de ser pagadas pero aínda así e a pesar de ser con cargo ao Plan de Axuste indica que debese saber o que se encarga e habilitar crédito previamente e non gastar o que non se ten, están de acordo con que hai que pagar aos provedores e empresas.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que van a actuar con responsabilidade e facer o comprometido co Plan de Axuste e o RD 4/2012.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que están de acordo, xa que logo hai que cumprir co Plan de Axuste.

O Alcalde remata dicindo que hai cuestións cuxos custos no se saben previamente acontece con imprevistos ou actuacións como son as Festas de San Xoán.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 10 concelleiros (os 6 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG), 6 abstencións (os 6 do P.P.), e 0 votos en contra do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

6.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

A Presidencia pregunta se hai mocións.

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

6.1.- FEDERACIÓN GALEGA DE CONFRARÍAS DE PESCADORES (RXE nº 4274, do 08/06).- SOLICITUDE DE COLABORACIÓN PARA COORDINAR ÁS DISTINTAS FORZAS PÚBLICAS E DAS CONFRARÍAS NA VIXIANCIA DOS BANCOS MARISQUEIROS DA RÍA DE AROUSA.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Alcalde comenta a solicitude de apoio achegada pola Federación Galega de Pescadores e di que o Patrón maior tenlle trasladado o agradecemento pola boa colaboración das forzas de seguridade neste sentido, polo que esta mostra de apoio non é nada novo, non hai novas competencias aínda que si se pode reforzar

Sometese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor de 16 concelleiros dos 17 que legalmente o conforman, isto é, maioría absoluta do numero legal de membros que conforman o pleno municipal.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<<O pasado venres día 1 de xuño se reuniu o Sr. Delegado Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra, o Sr. Subdelegado do Goberno en Galicia, o Subdirector Xeral de Gardacostas da Consellería do Mar e representantes das confrarías de pescadores da Ría de Arousa para coordinar desde as respectivas competencias as labores de vixilancia e control dos bancos marisqueiros (concesións, autorizacións e zonas de libre marisqueo) da Ría de Arousa.

Nesta reunión ademais, se tomou o acordo de dirixirse a tódolos alcaldes dos Concellos da Ría de Arousa para solicitar a colaboración no sentido de que a Policía Local se coordine coas demais forzas públicas e cos servizos de vixilancias das confrarías de pescadores en todos aqueles niveles de actuación relacionados coa vixilancia e control da riqueza pesqueira e marisqueira de todos os veciños da Ría de Arousa: avisos de comisión de faltas ou contra a propiedade comunal dos mariscadores, alertas de condutas delictivas ou ameazas ao persoal de vixilancia ou responsables das confrarías, información sobre actividades de furtivismo en todas as súas fases (captura, transporte ou almacenamento), sen esquecer a necesidade de apoio por parte dos corpos de seguridade local aos servizos de vixilancia das confrarías no marco de actuacións planificadas ou improvisadas.

Sen mais, esperando que no próximo Pleno do seu Concello se acorde apoiar a coordinación dos medios de control e vixilancia no sector profesional da pesca e o marisqueo e que se faga pública este acordo, lle saúda atentamente.>>

O Alcalde insiste en que mais que apoiar é “continuar ese apoio”

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que manifestan o bo facer da Policía Local nesta materia.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que a colaboración da Policía Local se esa levando a cabo pero considera que se existe ao Concello máis do que nos corresponde (en canto a dispoñibilidade ou pautas de actuación....) Por iso o PSOE propón que se especifique esa colaboración coas demais Forzas Públicas e de seguridade “no marco das súas competencias e dentro das súas posibilidades” pero sen entrar neses apartados que se indican.

A voceira do grupo municipal BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns di que a apoian pero dentro do marco das competencias e atribucións da Policía Local, xa que logo sería a Consellería de Pesca a competente para dotar deses medios de seguridade e acadar a persecución dos furtivos tamén coa colaboración dos cidadáns.

Así as cousas, os tres grupos acordan adoptar o seguinte texto:

“Apoiar a coordinación dos medios de control e vixilancia no sector profesional da pesca e o marisqueo de xeito que a Policía Local do Concello de Rianxo se coordine dentro das súas atribucións e dispoñibilidade nesta

materia, coas demais forzas públicas e servizos de seguridade, entendendo que a loita contra o furtivismo é unha labor de todas as Administracións Públicas, Corpos de Seguridade e Confrarías.”

Rematado o debate, sométese a **VOTACIÓN** e por unanimidade dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos seguintes:

“Apoiar a coordinación dos medios de control e vixilancia no sector profesional da pesca e o marisqueo de xeito que a Policía Local do Concello de Rianxo se coordine dentro das súas atribucións e dispoñibilidade nesta materia, coas demais forzas públicas e servizos de seguridade, entendendo que a loita contra o furtivismo é unha labor de todas as Administracións Públicas, Corpos de Seguridade e Confrarías.”

6.2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL BNG: REVOGACIÓN POLA XUNTA DE GALICIA DO ACORDO DE SUPRESIÓN DOS SERVIZOS QUE SE PRESTAN A TRAVÉS DAS OFICINAS LIQUIDADORAS DE TAXAS E IMPOSTOS.- (RXE nº 4922, do 22/06).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns comenta que o fin da proposta é que non se supriman estas oficinas.

Sometese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor de 16 concelleiros dos 17 que legalmente o conforman, isto é, maioría absoluta do número legal de membros que conforman o pleno municipal.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas titulares dos Rexistros da Propiedade das vilas e cabeceiras de comarca de Galiza, agás aqueles situados nas cidades da Coruña, Vigo, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago, veñen de coñecer a intención da Xunta de Galiza de non proceder á renovación do convenio que expira o 31 de decembro deste ano, en virtude do cal estes prestaban os servizos, entre outros, de oficinas liquidadoras de diferentes taxas e impostos.

A través destas oficinas liquidadoras nos diferentes Rexistros da Propiedade veñen realizando todas as xestións relacionadas con sucesións, transmisións, actos xurídicos documentados, societarios, etc., ademais da correspondente liquidación das taxas e xestións como as relacionadas coa interposición de recursos de reposición, comprobación de valores, notificacións ou requirimentos ás persoas interesadas, entre outras.

Ademais a existencia nas mesmas de persoal especializado no ámbito do dereito civil, propiedade, etc. permite prestarlles ás persoas do ámbito de actuación no que se atopa o noso concello, servizos de información e asesoramento ao tempo que actúan como arquivos de documentos e escrituras privadas. Hai que ter en conta que en Galiza non hai tradición de escritura pública polo que resulta moi importante o labor de arquivo de escrituras privadas que veñen realizando estas oficinas, xa que arquivan un exemplar de cada documento privado que é obxecto dalgún trámite nesa oficina e queda alí para o futuro; podendo as persoas interesadas acudir en caso de extravío ou para futuras partillas de persoas herdeiras.

De proceder por parte do goberno da Xunta de Galiza á desaparición destas oficinas liquidadoras o Rexistro da Propiedade de vilas e cabeceiras de comarca pasarán a ser meros receptores, obrigando aos veciños e veciñas interesadas a acudir ás cidades antes citadas para realizar o resto dos trámites relacionados coa liquidación, ademais de perder o resto dos servizos que se lles viñan prestando.

Esta actuación supón un novo golpe de graza do goberno do PP á poboación que vive fóra dos grandes núcleos urbanos da nosa nación pois trátase dunha medida que priva de servizos cos que viñan contando as persoas que viven en vilas e aldeas do rural. Trátase dunha medida que vai claramente en contra do proceso de comarcalización dos servizos e do equilibrio territorial. O que vén demostrar o nulo interese do PP polo mantemento de poboación e actividade económica nas cabeceiras de comarca, nas vilas e nas aldeas, e o exercicio dunha política que priva á xente destes lugares de máis servizos, incrementando a súa dependencia das grandes cidades.

Levar a cabo unha decisión deste calibre supón menosprezar as características da poboación galega, tanto no que atinxe á súa dispersión, ás súas condicións socioeconómicas, ao seu envellecemento como aos grandes déficits de mobilidade que padece en gran parte do noso territorio, ao que debemos engadir outras decisións lesivas como a redución do mapa xudicial.

Esta nova medida do PP vai motivar a perda de arredor 150 postos de traballo en Galiza, postos de traballo cualificados e asentados en contornos sensíbeis como o medio rural, baixo o pretexto do aforro e a austeridade.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a revocar a súa determinación de suprimir as funcións de oficinas liquidadoras que se realizan a través dos Rexistro da Propiedade de vilas e cabeceiras de comarcas, e a que se renoven os convenios asinados até agora. >>

Comarcas e concellos afectados por esta medida:

Comarca da Coruña: Arteixo e Betanzos. **Comarca de Muros-Noia:** Muros e Noia. **Comarca da Montaña:** Arzúa. **Comarca de Santiago:** Negreira, Ordes e Padrón. **Comarca de Lugo Centro:** Becerreá, A Fonsagrada, Sarria e Vilalba. **Comarca de Bergantiños:** Carballo. **Comarca de Lugo Sur:** Chantada, Monforte de Lemos e Quiroga. **Comarca da Costa da Morte:** Corcubión. **Comarca de Ferrolterra:** Ferrol, Narón, Ortigueira e Pontedeume. **Comarca da Mariña:** Mondoñedo, Ribadeo e Viveiro. **Comarca de Allariz-A Limia:** Allariz e Xinzo de Limia. **Comarca de Celanova-Baixa Limia:** Bande e Celanova. **Comarca de Valdeorras:** O Barco de Valdeorras. **Comarca de Ourense-O Carballiño:** O Carballiño e A Pobra de Trives. **Comarca do Ribeiro:** Ribadavia. **Comarca de Monterrei:** Verín e Viana do Bolo. **Comarca de Pontevedra:** Caldas de Reis e Ponte Caldelas. **Comarca do Salnés:** Cambados e Vilagarcía de Arousa. **Comarca do Morrazo:** Cangas. **Comarca da Estrada-Deza:** A Estrada e Lalín. **Comarca do Condado:** Ponteareas. **Comarca de Vigo:** Redondela. **Comarca do Baixo Miño:**Tui.>>

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que segundo o disposto na Lei Xeral Tributaria, a aplicación dos tributos desenvolverase a través dos procedementos administrativos de xestión, inspección e recadación tributaria.

Tradicionalmente a xestión tributaria dos impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e sobre sucesións e doazóns desconcentrouse nas oficinas liquidadoras de distrito hipotecario (OLDH) sitas nalgúns Rexistros da Propiedade, de forma que desenvolven na súa demarcación territorial as mesmas competencias que os Servizos de Xestión Tributaria das Xefaturas Territoriais da Consellería de Facenda, respecto á demarcación territorial dos Rexistros da Propiedade sitos nas capitais de provincia e Vigo. No marco desta encomenda de xestión, o último convenio suscrito entre a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a Asemblea de Rexistradores de Galicia, foi o 30 de decembro de 2010, con vixencia ata o 31 de decembro de 2012.

As Oficinas Liquidadoras de Distrito Hipotecario (OLDH), sitas nalgúns Rexistros da Propiedade, unicamente desenvolven funcións de xestión tributaria e exclusivamente respecto aos Impostos sobre Sucesións e Doazóns (ISD) e sobre Transmisións Patrimoniais e Actos xurídicos Documentados (ITP-AXD) pero non respecto aos restantes tributos propios da Comunidade Autónoma ou cedidos polo Estado nin respecto aos restantes ingresos de dereito público de natureza non tributaria que forman parte da Facenda Galega. Nestes casos, ás funcións son desenvolvidas exclusivamente polas Xefaturas Territoriais e pola Dirección Xeral de Tributos da Consellería de Facenda.

Na actualidade existen 42 Oficinas Liquidadoras de Distrito Hipotecario en Galicia. (13 en A Coruña, 10 en Lugo, 10 en Ourense e 9 en Pontevedra).

As actuacións de xestión tributaria pódense clasificar en 2 tipos: por unha parte, de recepción de documentos-presentación- e información e asistencia ao contribuínte, e por outra, de comprobación e liquidación.

A.- Actuacións de recepción de documentos-presentación- e información e asistencia ao contribuínte.

Respecto ás actuacións de recepción de documentos-presentación- debe terse en conta que os tributos xestionados polas OLDH son tributos instantáneos, é dicir, que contemplan supostos de feito que se esgotan nun só acto (por exemplo, o outorgamento dunha escritura pública de compravenda dun inmovible ou a constitución en escritura pública dun préstamo hipotecario, por citar os mais habituais).

Ademais de ser tributos instantáneos, compre lembrar, que hai programas de axuda dispoñibles, así como á posibilidade presentación telemática, que evita calquera desprazamento ás OLDH e minimiza (senón anula) os labores de información e asistencia, resolvéndose normalmente de forma telemático ou telefónica. Deste modo, no ano 2011, á porcentaxe do total de expedientes presentados que empregaron os servizos anteriores foi do 43% no ITP-AXD e do 70% no ISD.

En segundo lugar, o ITP-AXD caracterízase polo feito de que a maior parte das operacións que grava están formalizadas en documento notarial, debendo presentarse unha copia do devandito documento ante as oficinas xestoras xunto coa autoliquidación do imposto, salvo que se presente telematicamente.

Unha parte importante (entre o 15 e o 20% sobre o total) dos feitos impositivos gravados polo ITP-AXD corresponde a escrituras públicas que formalizan préstamos hipotecarios outorgados a persoas físicas e as compravendas de inmobles asociados a ditos préstamos. É de sobra coñecido, que a presentación do ITP-AXD correspondente a estas operacións a realiza a entidade financeira que outorga o préstamo e non o particular suxeito pasivo do imposto, co obxecto de asegurarse a inscrición rexistral da garantía hipotecaria. A esta porcentaxe hai que engadir que outro do 26,5€ correspondente a suxeitos pasivos do ITP-AXD que non son persoas físicas, senón persoas xurídicas, principalmente entidades mercantís.

Desde o ano 2011, a presentación e pagamento telemático das autoliquidacións correspondentes ao ITP-AXD, completouse coa posibilidade de remisión, polos mesmos medios informáticos, das escrituras ou documentos notariais que motivan as devanditas autoliquidacións. Esta opción completa a posibilidade, xa existente, de acceder ao correspondente Rexistro (da Propiedade, Mercantil, etc) por vía telemática. Dito doutro modo, habilitouse unha sorte de “xanela única” telemática que permite ao contribuínte cumprir a totalidade dos trámites a realizar dende o outorgamento do documento notarial ata a inscrición do acto ou negocio xurídico no correspondente Rexistro, previo pagamento e presentación do correspondente imposto.

B.- Actuacións de comprobación e liquidación.

Segundo a normativa tributaria, as facultades que poidan exercerse nas distintas actuacións e procedementos de xestión tributaria dos impostos de referencia corresponden aos funcionarios e demais persoal ao servizo da Administración tributaria que interveñen nas devanditas actuacións e procedementos.

A Lei 15/1991 creou as escalas, superior e técnica, de Finanzas da Comunidade Autónoma de Galicia ás que atribuíu o exercicio de todas as competencias e funcións de xestión, inspección, recadación e o exercicio da potestade tributaria así como a revisión en vía administrativa dos actos ditados no exercicio das competencias anteriores. Xunto a estas escalas, como xa se sinalou, está prevista a ampliación da especialización do persoal mediante a creación dunha nova especialidade do subgrupo C1.

Consecuentemente cos principios de eficacia e eficiencia que deben presidir o exercicio das potestades públicas, consideramos máis axeitado que os procedementos de xestión tributaria en relación co Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados e co Imposto sobre Sucesións e Doazóns sexan desenvolvidos polo funcionariado seleccionado e formado propiamente para ese labor, é dicir, polos funcionarios pertencentes ás Escalas de Finanzas da Consellería de Facenda, e non por persoal contratado polos Rexistradores da Propiedade sen que fosen obxecto de ningún proceso selectivo.

Xunto a isto poden esgrimirse argumentos de seguridade xurídica para o contribuínte, por canto a redución do número de órganos xestores (de 47 a 7) garantiría en maior medida a unidade de criterio na aplicación das normas tributarias no territorio da Comunidade Autónoma.

En conclusión, a opción máis axeitada coa natureza e filosofía da Axencia Tributaria de Galicia supón a absorción, cando menos parcial por parte da Axencia das funcións realizadas polas OLDH (42 oficinas) na xestión do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados e do Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Dende o punto de vista dos obrigados tributarios, a relación coas OLDH é moi esporádica, xa que os impostos citados son de devengo instantáneo (non periódico), ao depender de acontecementos puntuais na vida do cidadán. Ademais, hoxe por hoxe ofrécense servizos telemáticos que evitan o desprazamento ás OLDH (programas de axuda, presentación telemática de autoliquidacións e documentos notariais) e o futuro da xestión destes impostos pasa por avanzar nesta liña achegando mesmo á posibilidade de ofrecer un borrador de declaración.

Dende o punto de vista da Administración tributaria galega, é indubidable que se gañaría en eficiencia xestora e en coordinación dos servizos (mellora na imaxe externa: unidade de criterio e seguridade xurídica) e reduciríase o seu custo de prestación.

Partindo da situación descrita e tendo en conta os obxectivos marcados, consideramos que non está xustificado o mantemento de 47 oficinas xestoras (5 Xefaturas Territoriais e 42 OLDH) respecto aos impostos referenciados.

Distinta é a posibilidade de manter a colaboración exclusivamente no ámbito de recepción de documentos - presentación - aproveitando a infraestrutura xa existente (OLDH) e mantendo o nivel de servizo aos cidadáns xa que se mantén a rede de oficinas, polo que se evita desprazamentos para a presentación, limitándose aos supostos de existencia dun procedemento de comprobación posterior, a que se pretende minimizar mediante a mellora da información e asistencia, de forma que se proporcione ao contribuínte un medio exacto para o coñecemento previo da carga fiscal que a Administración esixe para o negocio xurídico realizado de modo que pode avaliar e evitar as consecuencias fiscais derivadas dunha desviación na súa declaración.

A conclusión anterior vese reforzada pola análise dos custos da prestación dos servizos. Así, o promedio dos últimos sete anos do custo para a Xunta de Galicia da encomenda de xestión ás OLDH foi duns 9 millóns de euros (IVE do 18% incluído).

As compensacións anteriores hai que poñelas en relación co custo que supón para as OLDH a prestación do servizo encomendado. Nos sucesivos convenios subcritos entre a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a Asemblea de Rexistradores de Galicia, fíxanse que:

A Consellería de Facenda asume os gastos derivados de subministrar o material, programas informáticos e as canles de comunicación necesarias para que as oficinas poidan desempeñar as tarefas de xestión e liquidación dos impostos sinalados. Igualmente, a Consellería asume os gastos derivados do subministro (adquisición) e mantemento dos equipos informáticos e das comunicacións de datos.

Os gastos xerais e os de material e persoal de cada OLDH serán totalmente a cargo do Rexistro da Propiedade titular da OLDH, debendo o persoal asignado ás tarefas encomendadas en materia tributaria ser o suficiente para a correcta xestión destas.

En consecuencia, o principal custo de prestación do servizo para os rexistradores da Propiedade é o custo de persoal, dado que as OLDH comparten ubicación cos correspondentes Rexistros da Propiedade polo que non xeran custos adicionais significativos, sen prexuízo dos propios da tramitación ordinaria dos procedementos de xestión tributaria, entre os que destaca o custo de notificacións, consistente fundamentalmente na facturación do servizo de correos (en torno a uns 290.000 €) xa que a impresión e ensobrado automatizado (polo menos un 60% do total) corre a cargo da Consellería de Facenda.

O persoal contratado polos Rexistradores da Propiedade para a xestión do ISD e o ITP_AXS nos exercicios 2007 a 2011 ten un custo asociado, que equivalería a 3.083.319,83 € sendo a compensación media anual duns 7.707.090,23 €, ao que habería que engadir o 18€ de IVE (1.387.276,24 E), de onde resulta un custo total para a Comunidade Autónoma de Galicia de 9.094.366,47 €.

Tamén participan na xestión da OLDH os Rexistradores da Propiedade que non so simultánea estas funcións coas de respectivo Rexistro da Propiedade (servizo de competencia estatal), senón que nalgúns casos interina un segundo rexistro e, no seu caso, a súa OLDH. En conclusión, dificilmente pode considerarse que o Rexistrador da Propiedade, a diferenza dos Xefes de Servizo das Xefaturas Territoriais da Consellería de Facenda, participan na xestión diaria da OLDH correspondente ao Rexistro da Propiedade, e menos no caso dos Rexistros (e OLDH) interinados (17 dos 42), salvo que se teña o don da ubicuidade.

En virtude da Orde do 30 de decembro de 2010 da Consellería de Facenda, foi encomendada ás oficinas liquidadoras de distrito hipotecario (OLDH) sitas nos Rexistros da Propiedade a atribución de competencias para a xestión e liquidación do imposto sobre transmisións e actos xurídicos documentados (ITP-AXD), e as mesmas competencias respecto do imposto sobre sucesións e doazóns (ISD)

No marco desta encomenda de xestión, subscribiuse o convenio entre a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a Asemblea de Rexistradores de Galicia, o 30 de decembro de 2010, con vixencia ata o 31 de decembro de 2012.

Na reunión da Comisión Superior de Coordinación de oficinas liquidadoras de distrito hipotecario do 11 de abril de 2012, pola Dirección Xeral de Tributos deuse traslado aos representantes dos titulares das oficinas liquidadores dunha proposta de Convenio aplicable dende o 1 de xaneiro de 2013, outorgándose ata o 15 de maio de 2012 para manifestar a súa conformidade ou desconformidade. A devandita proposta enmárcase na revisión da estrutura orgánica da administración tributaria galega que se producirá coa creación da Axencia Tributaria de Galicia. Na proposta trasladada aos representantes dos Rexistradores da Propiedade púxose de manifesto que a Consellería de Facenda ten interese en manter o actual nivel de servizos en canto á presentación de autoliquidacións, non só para evitar desprazamentos aos contribuíntes senón para aproveitar a infraestrutura creada.

O custo estimado da manter as OLDH como oficinas de presentación estaría en torno aos 2 millóns de euros (compensación ofertada no convenio proposto). Coa diferenza poderase acometer con garantías a creación da Axencia Tributaria de Galicia, levar a cabo o incremento de persoal técnico necesario para absorber as funcións de comprobación e garantir a información e asistencia e, aínda, obter un aforro duns 3,75 millóns anuais.

O 11 de xuño de 2012, o Decano-Presidente do Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España, comunicou a esta Administración a imposibilidade de subscribir o novo convenio nos termos propostos pola Consellería de Facenda por non resultar rentable en termos económicos.

Ante esta negativa, pola Consellería de Facenda optárase por outra das alternativas dispoñibles na planificación efectuada, como é a subscripción dun convenio con determinados Concellos, co Colexio Notarial de Galicia ou coa AEAT, co obxecto de manter e incluso, aumentar, o actual nivel de presenza e servizo no territorio galego.

En consecuencia, remata, van a votar en contra.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que tras esta larga exposición o resume é procurar unha rendabilidade económica, buscando reducir e recortar sen considerar a asistencia aos contribuíntes tendo en conta que a cercanía permite a contribución, axuda a ilo, porque o procedemento telemático ao final leva a moita xente a ir a unha xestoría a que llo tramiten. Se fala de aforrar pero á vez se adoptan medidas que o dificultan, entre elas a falta de acceso telemático o que suporá un custo para os contribuíntes que abonaran ás xestorías.

A voceira do grupo municipal BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns di que trala clase de Dereito civil que deu a concelleira do PP ao final se reducen os servizos aos cidadáns ao suprimir todas as oficinas que pola súa proximidade facilitaban a contribución, e parece mentira que un rexistrador da propiedade como é o Presidente do Goberno, Mariano Rajoy, volvese hacia atrás e así moita xente (maiores, xubilados, etc...) acabarán indo a unha xestoría, ou chegado o caso a un notario, e total para logo levar esas oficinas soamente a documentación ademais do custe do traslado ás grandes cidades, en moitos casos dúas veces, ao que engadir o mal que están os medios de transporte.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que por alusión quere aclarar que a un notario tense que ir igual.

A voceira do grupo municipal BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns di que soamente en caso de dúbidas para asesorarse.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que non dixo iso.

A voceira do grupo municipal BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns insiste en que non desapareza a liña de transporte de autobuses como pasou en Boiro.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que logo para que van poñer en marcha a tramitación telemática municipal.

A voceira do grupo municipal BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns di que aquí váiselles a axudar e eso será de balde.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo di que o certo é que o acceso telemático non e fácil para todos. En calquera caso esta medida de supresión desas oficinas pon trabas aos veciños.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 10 concelleiros (os 6 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG), 6 votos en contra (os 6 do P.P.), e 0 abstencións do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

6.3.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL BNG EN NOME DA PLATAFORMA DE AFECTADOS POLAS EXECUCIÓNS HIPOTECARIAS PARA INSTAR AO GOBERNO DO ESTADO A MODIFICAR A LEI HIPOTECARIA CO FIN DE REGULAR

A DACIÓN EN PAGO E ADOPTAR AS MEDIDAS NECESARIAS PARA EVITAR OS DESAFIUZAMENTOS POR MOTIVOS ECONÓMICOS. (RXE nº 4968, do 25/06).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns comenta a proposta.

Sometese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor de 16 concelleiros dos 17 que legalmente o conforman, isto é, maioría absoluta do numero legal de membros que conforman o pleno municipal.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<<Visto que co estalido da crise e o aumento do paro, centenaes de miles de familias chegaron a unha situación límite que non lles permite cubrir as súas necesidades máis básicas.

Visto que segundo os datos do Consello Xeral do Poder Xudicial, só entre 2007 e 2010 no Estado Español producíronse preto de 300.000 execucións hipotecarias, e que as previsións din que entre 2011 e 2012 poderíase chegar á cifra de 500.000.

Visto que cando isto sucede, as familias non só se enfrontan á perda da súa vivenda senón tamén a unha condena financeira para sempre: a entidade bancaria interpón unha demanda e iníciase o proceso de execución hipotecaria que finaliza coa poxa do inmovible. Se a poxa queda deserta (cousa que no actual contexto de crise sucede en máis do 90% dos casos), coa lei vixente a entidade bancaria adxudícase a vivenda polo 50% do valor de taxación e segue reclamando o pago da débeda restante, máis os intereses e costas xudiciais, ás persoas en situación de insolvencia, mediante o embargo de nóminas, contas, etc, así como embargos aos avalistas. É dicir, ademais de perder a vivenda, milleiros de familias enfróntanse a unha condena financeira para sempre que se traduce nunha condena á exclusión social e a economía mergullada.

Visto que esta lexislación que permite que as entidades financeiras se adxudiquen as vivendas polo 50% do valor de taxación non só é anómala e non ten comparativa coas lexislacións doutros países da nosa contorna, senón que ademais era descoñecida polas familias cando asinaron os contratos hipotecarios. Feito que se suma á publicidade enganosa coa que se comercializaron a maioría desas hipotecas, á sobrevaloración nas Taxacións e á linguaxe de difícil comprensión utilizado nos contratos que agora se descobre que en moitos casos escondía todo tipo de cláusulas abusivas.

Visto que consideramos inadmisibile e totalmente inxusto que nun Estado social e democrático de dereito, todas as consecuencias da crise recaian sobre a parte máis vulnerable do contrato hipotecario e en cambio as entidades financeiras, en boa medida responsables da actual crise, reciban axudas millonarias que saen dos impostos, sen ter que asumir ningunha responsabilidade, ao mesmo tempo que seguen xerando miles de millóns de beneficios anuais.

Considerando que todo o aquí exposto vulnera o actual marco xurídico, posto que o dereito á vivenda é un mandato constitucional, especialmente recollido no artigo 47 da Constitución española, que di:

Todos os españois teñen dereito a unha vivenda digna e adecuada. Os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito...pero tamén no artigo 33, que limita claramente o dereito á propiedade privada ao cumprimento da súa función social (e que a día de hoxe se incumpre sistematicamente nos pisos baleiros acumulados por bancos e caixas), ou no artigo 24 que garante a tutela xudicial (vulnerado nos procesos de execucións Hipotecarias onde se produce clara indefensión), así como os compromisos xurídicos en materia de dereito á vivenda asumidos polo estado español ao ratificar tratados internacionais vinculantes como son, entre outros, a Declaración Universal de Dereitos Humanos (artigo 25) e o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, sociais e Culturais (artigo 11), especialmente a partir da súa Observación Xeral número 4 -que concreta o contido do dereito a unha vivenda adecuada- e a Observación Xeral nº 7 -que define os desaloxos forzosos como unha das principais vulneracións do dereito á vivenda.

Considerando que todo o aquí exposto depende basicamente dunha normativa de competencia estatal, pero cuxos efectos dramáticos concrétanse no ámbito municipal, posto que é aos concellos onde se dirixen maioritariamente as persoas e familias afectadas en busca de axuda. Así, os concellos se convierten en dobremente prexudicados: en primeiro lugar porque se vulneran os dereitos fundamentais dos seus cidadáns; en segundo lugar, porque en pleno contexto de crise, cando os recursos son máis escasos que nunca, Reciben todas as peticións de axuda das persoas e familias empobrecidas.

Considerando que a perda de vivenda priva ao individuo ou a familia de toda residencia, e que, á súa vez, a ausencia de residencia exclúelles de toda vía administrativa, levando por iso a perda de dereitos, impedindo ás persoas afectadas realizarse tanto profesional como familiarmente.

Considerando que, como consecuencia do anterior, os desafuzamentos -aínda máis cando supón o mantemento dunha débeda en forma de condena financeira- levan altos niveis de inseguridade que desencadean a alteración da orde pública e a paz social, e considerando que os concellos teñen o encargo de manter a seguridade e a orde no conxunto do territorio municipal,

O Pleno Municipal de Rianxo adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Pedir ao Goberno central que, tal e como vén propondo a Plataforma de Afectados pola Hipoteca e outras organizacións sociais, aprobe unha modificación da regulación hipotecaria que inclúa a figura da dación en pago, de maneira que, nos casos de residencia habitual, se o banco executa a hipoteca e queda coa vivenda, a totalidade da débeda (principal, máis intereses e costas xudiciais) quede liquidada, tal e como sucede noutros países da UE ou en EEUU.

Segundo.- Instar ao Goberno a aprobar unha moratoria ou implementar as medidas necesarias para paralizar os desafuzamentos das familias en situación de insolvencia sobrevinda e involuntaria. Para os miles de desafuzamentos xa producidos, que se aproben con carácter de urxencia medidas destinadas a que os miles de pisos baleiros que están acumulando as entidades financeiras como consecuencia deses embargos sexan postos inmediatamente a disposición das familias desafuzadas e sen recursos en réxime de aluguer social, non superando nunca o 30% da renda familiar dispoñible.

Terceiro.- Máis aló das medidas de competencia estatal, estudar as medidas a emprender a nivel municipal para paralizar os desafuzamentos, creando unha comisión especial mixta na que participen representantes do pleno municipal e das asociacións de afectados, veciñais e outras organizacións sociais coñecedoras da problemática. O obxectivo principal de devandita comisión será buscar alternativas que eviten os desafuzamentos por motivos económicos. Nos casos que non sexa posible, garantir a recollida digno das familias afectadas.

Cuarto.- Dar traslado destes acordos ao Consello de Ministros, e en especial ao Ministerio de Economía e ao Ministerio de Xustiza, así como aos grupos parlamentarios do Congreso e o Senado, ao Parlamento Autonómico, á Plataforma de Afectados pola Hipoteca e ás asociacións veciñais do Concello. >>

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran manifesta estar de acordo sempre que se engada unha emenda transaccional de xeito que se poda substituír o recollido no punto 1 por isto:

“Primeiro.- Instar a Xunta de Galicia que reclame do Goberno do Estado a promoción das reformas legislativas precisas para que como regra xeral e para deudores de boa fe, coa entrega do inmovible se considera saldada a débeda hipotecaria na súa integridade, nos casos de residencia habitual e única vivenda do debedor.”

Os membros dos diferentes grupos municipais presentes no pleno están de acordo en adoptar a emenda.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, quere enfatizar o indicado no punto terceiro sobre o compromiso que asumiría o Concello de “garantir a recollida digna de familiar afectadas”, implicaría unha grande responsabilidade para éste.

O Alcalde di que suprimindo a última frase do paragrafo 3º esa situación se atendería igualmente como situación de emerxencia social. Así que pode quitarse.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a Adelina Ces Quintáns, amosa o seu acordo coas emendas á moción formuladas polo PP e polo PSdeG-PSOE.

Os voceiros dos grupos están de acordo no total das emendas.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, por unanimidade dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos seguintes:

Primeiro.- Instar a Xunta de Galicia que reclame do Goberno do Estado a promoción das reformas legislativas precisas para que como regra xeral e para deudores de boa fe, coa entrega do inmovible se considera saldada a débeda hipotecaria na súa integridade, nos casos de residencia habitual e única vivenda do debedor.

Segundo.- Instar ao Goberno a aprobar unha moratoria ou implementar as medidas necesarias para paralizar os desafuzamentos das familias en situación de insolvencia sobrevinda e involuntaria. Para os miles de

desafiuzamentos xa producidos, que se aproben con carácter de urxencia medidas destinadas a que os miles de pisos baleiros que están acumulando as entidades financeiras como consecuencia deses embargos sexan postos inmediatamente a disposición das familias desafiuzadas e sen recursos en réxime de aluguer social, non superando nunca o 30% da renda familiar dispoñible.

Terceiro.- Máis aló das medidas de competencia estatal, estudar as medidas a emprender a nivel municipal para paralizar os desafiuzamentos, creando unha comisión especial mixta na que participen representantes do pleno municipal e das asociacións de afectados, veciñais e outras organizacións sociais coñecedoras da problemática. O obxectivo principal de devandita comisión será buscar alternativas que eviten os desafiuzamentos por motivos económicos.

Cuarto.- Dar traslado destes acordos ao Consello de Ministros, e en especial ao Ministerio de Economía e ao Ministerio de Xustiza, así como aos grupos parlamentarios do Congreso e o Senado, ao Parlamento Autonómico, á Plataforma de Afectados pola Hipoteca e ás asociacións veciñais do Concello.

6.4.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL BNG SOBRE SISTEMA FINANCEIRO GALEGO (BANCA PÚBLICA GALEGA, REFERENDO SOBRE O RESCATE, SOLUCIÓN DAS PREFERENTES, ATENCIÓN AO PÚBLICO E MANTEMENTO DO EMPREGO EN NOVAGALICIA BANCO E COMISIÓNS DE INVESTIGACIÓN. (RXE nº 4921, do 22/06).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns comenta a proposta.

Sometese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor de 16 concelleiros dos 17 que legalmente o conforman, isto é, maioría absoluta do numero legal de membros que conforman o pleno municipal.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O rescate ao Estado español por valor de 100.000 millóns de euros vai ter un beneficiario -a banca privada, que poderá pagar as súas débedas e sanear os seus balances- e unha vítima ben evidente -as maiorías sociais e os pobos, a comezar por Galiza- que somos os páganos da operación e os que teremos que pagar a factura en forma de novos recortes, máis desemprego e do deterioro da nosa calidade de vida, xa que o rescate contará con condicións que afectarán dramaticamente o benestar social, tal e como aconteceu nos anteriores rescates no ámbito da UE: Grecia, Portugal e Irlanda. Isto é, máis recesión, máis paro e máis desigualdades sociais.

O Goberno español non ten lexitimidade democrática para adoptar a decisión de solicitar o rescate, xa que ninguén o votou para facer iso. É necesaria a democracia e a transparencia. É necesario un debate social moi profundo sobre o rescate e as súas terribes consecuencias para as maiorías. O rescate financeiro previsto é unha decisión transcendental para o noso futuro, polo que debe ser a sociedade a que decida a súa conveniencia. É preciso, polo tanto, a convocatoria dun referendo sobre o rescate.

O rescate é duplamente negativo para Galiza porque non só vai castigar as súas maiorías sociais, senón porque destruírá o sistema financeiro galego. A Unión Europea condiciona o rescate a unha nova rolda de fusións no sistema financeiro, que probabelmente se traducirá na absorción de Novagalicia Banco (NGB) por parte de bancos privados de maior dimensión e sen vinculación con Galiza. O BNG sempre defendeu a necesidade dunha banca pública como instrumento imprescindible para asegurar o crédito que o tecido produtivo e social precisa. Porén, non podemos avalar un proxecto que suporía a definitiva expatriación do aforro galego depositado en NGB. Mais outra volta, o noso aforro serviría para desenvolver outros territorios. Galiza ficaría sen capacidade de decisión ningunha sobre unha entidade que xestiona o 40% do negocio financeiro do noso país.

Galiza ten dereito a preservar un sistema financeiro propio. Así, demandamos que NGB, se converta nun banco público galego, coa transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB ostenta na actualidade no capital de NGB. O impulso a unha banca pública galega é unha ferramenta que permitirá avanzar na soberanía financeira de Galiza, en tanto que dota aos galegos e galegas dun instrumento para orientar os nosos aforros e investimentos.

Ademais, en contra da crenza fomentada por determinados creadores de opinión e do propio Presidente da Xunta de Galiza, Núñez Feijoo, a banca pública é un instrumento plenamente vixente, que existe nunha grande variedade de países, como en 32 países europeos ou nos Estados Unidos, e vén desempeñando un papel fundamental en favor do desenvolvemento e da estabilidade económica dos mesmos. Da análise das diferentes experiencias de banca pública, constátase o seu impacto positivo sobre a economía e os sectores produtivos.

Alí onde existe banca pública existe un forte tecido industrial, mentres que son excepcionais os casos onde existe unha forte presenza do sector industrial sen o apoio dunha banca pública.

O rescate pon ademais en risco os postos de traballo de milleiros de persoas nas entidades financeiras, debido ás condicións impostas para o citado rescate aos bancos do Estado español. Nomeadamente, é necesario demandar do presidente da Xunta que actúe e non tolere máis despedimentos en Novagalicia Banco, que tamén suporían unha merma na atención aos clientes da entidade e a desaparición de múltiples sucursais que atenden sobre todo no mundo rural.

A enorme desfeita que provocou o rescate ten culpábeis con nomes e apelidos. É preciso depurar as súas responsabilidades, e xa que logo, que se constitúan as comisións de investigación que o BNG leva pedido quer no Congreso quer no Parlamento Galego. Trátase dunha estafa xigantesca, que se está levando por diante o traballo e o benestar social de millóns de persoas. Esta estafa debe ser investigada, xulgada e penada polos tribunais de xustiza.

Por último, e ligado tamén ás prácticas fraudulentas do sistema financeiro, miles de clientes galegos de entidades bancarias, aconsellados polos directores das oficinas, investiron os seus aforros en instrumentos financeiros complexos e opacos, nomeadamente en preferentes. En contra do que naquel momento se lles indicou, estes aforradores e aforradoras vense agora na imposibilidade de recuperar os cartos investidos en tanto estes instrumentos non sexan vendidos no mercado de activos financeiros, a un prezo que, caso de haber compradores, será inferior ao seu valor nominal.

Tal é o caso de miles de clientes de NGB que no seu momento adquiriron participacións preferentes, sen que por parte da entidade se cumprise coas obrigas establecidas na normativa MIDIF de protección dos consumidores e consumidoras de produtos financeiros, que no caso dos clientes minoristas se concretan na realización de test personalizados de conveniencia e de idoneidade antes da contratación de calquera produto financeiro co fin de asegurar que este responde ás necesidades e ás características do cliente. Así, é preciso demandar das institucións públicas responsábeis unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes, de xeito que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Instar á Xunta de Galiza a promover a creación dunha banca pública galega, nomeadamente a partires da conversión de NGB nun banco público galego mediante a transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB detenta no capital de NGB.**
- 2. Solicitar a celebración dun referendo vinculante sobre o rescate da Unión Europea á banca española.**
- 3. Instar á Xunta de Galiza a promover, no seu ámbito de competencias, e a demandar do Goberno do Estado Español, unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.**
- 4. Demandar da Xunta de Galiza que garanta os postos de traballo en Novagalicia Banco, así como a que asegure unha adecuada atención aos clientes da entidade.**
- 5. Demandar a creación de comisións de investigación no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados para que se esclarezan responsabilidades na fraudulenta xestión que propiciou a actual situación das caixas e da banca.**
- 6. Comunicar o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.>>**

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que existen diferenzas dabondo entre os rescates a Grecia, Irlanda e Portugal, e o crédito europeo á banca española. Os rescates son axudas financeiras aos Estados, a cambio da imposición de medidas políticas. No caso de España, trátase dun crédito europeo dirixido ás entidades bancarias que o requiran, e serán elas mesmas quenes asuman as condicións, non o Estado. Por tanto, non haberá condicións macroeconómicas, é dicir aquelas que repercuten nas reformas e plans de axuste por parte do Estado. As condicións do crédito estarán dirixidas unicamente ás entidades que o houberan requirido.

A UE recoñeceu, que as esixencias da liña de crédito expoñeranse unicamente á banca que se acolla a ela, e non ás administracións públicas. A cuantía proporcional dos rescates é moi superior á do crédito á Banca Española:

| BENEFICIARIO | CUANTÍA | ORGANISMOS QUE O FACILITAN | PORCENTAXE DO PIB |
|---------------------|----------------|-----------------------------------|--------------------------|
| Grecia | 240.000 M € | UE y FMI | 74% |
| Irlanda | 85.000 M € | UEy FMI | 48% |
| Portugal | 78.000 M € | UEy FMI | 31,5% |

BENEFICIARIO
Banca española

100.000 M €

UE

10%

Hai tres ideas clave, á vista do informe das consultoras independentes encargado polo Ministerio de Economía e o Banco de España sobre o sistema financeiro español:

- 1.- O 70% do sistema financeiro español está saneado e é forte.
- 2.- As necesidades son a cuarta parte do límite garantizado polo Eurogrupo, nun escenario prudente e do 62% no máis adverso.
- 3.- Os españois teñen os seus aforros garantidos e a seguridade de que a axuda ás entidades con problemas non saírá dos seus impostos.

Polo que se refire á celebración dun referendo vinculante sobre á axuda europea á banca que o precisa, subliñar que non hai marco xurídico que preceptúe a obrigatoriedade de convocalo para iste particular. O Goberno do Estado é quen, porque ten lexitimación, lexitimidade e ademais lle asiste una ampla maioría parlamentaria. Noutra situación máis vantaxosa estaría España de terse levado a cabo esta axuda europea con anterioridade. Folga sinalar que a celebración dun referendo, retrasaría a solución, agravaría os problemas económicos e a taxa de paro, ademais de poñer en serio risco e perigo os aforros dos/as depositantes.

En relación ás actuacións a desenvolver polo Goberno galego, para a recuperación da totalidade dos títulos subscritos polas persoas afectadas pola fraude das participacións preferentes das antigas caixas de aforros, é preciso a remisión ao acordo adoptado por unanimidade (das tres forzas) no Parlamento de Galicia na comisión celebrada o pasado día 8 de xuño, cuxo texto é o que se transcribe de seguido:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1ª.- Promover, no seu ámbito de competencias, e a demandar do seu homólogo español unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas polo fraude das preferentes que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.

2ª.- Promover e continuar demandando das autoridades competentes, e nomeadamente do departamento de Competencia da Comisión da Unión Europea, una solución satisfactoria para as miles de persoas afectadas polo fraude das participacións preferentes que teña en conta a existencia de malas prácticas e comercialización indebida polas entidades financeiras que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos”.

O PPdeG non mudou de postura, polo que parece que non semella moi de recibo, que o BNG pretenda simular o papel de que sómente eles avogan por que as persoas afectadas recuperen o 100 % do nominal dos títulos. A unanimidade acadada na primeira institución de Galicia, evidencia que con este tema tan “delicado” e con tan alto número de persoas afectadas, non se pode intoxicar nin facer oposición tentando confundir e enganar ás persoas de boa fe. A evidencia da implicación profunda do Goberno da Xunta de Galicia é notoria, e queda avalada co relato dos feitos:

- O Presidente Feijóo e o Conselleiro de Economía e Industria reuníronse en diferentes ocasións con representantes das plataformas de afectados e asociacións de consumidores.
- O Instituto Galego de Consumo (IGC) estableceu unha guía e un procedemento específico para asesorar a tramitar as diversas reclamacións. O IGC, que conta con sedes nas sete grandes cidades, habilitou puntos específicos de asesoramento en colaboración cos concellos no Rosal, Cangas, Pontearreas, Vilagarcía de Arousa, Cambados, Marín, O Porriño, A Guarda, Tomiño e Tui, por ser as zonas nas que existía unha maior demanda, e impartíuse formación específica aos profesionais que

atenden aos consumidores nas oficinas de consumo dos concellos e nas asociacións de consumidores.

- A Xunta reuniuse coas autoridades competentes, como o Banco de España, Comisión Nacional do Mercado de Valores, FROB, Fiscalía, ou coa Directora de Mercados e Servizos Financeiros da Comisión Europea co obxecto de buscar solucións a este problema e defendendo a vía da arbitrase como forma máis áxil en tempo e en custes, xa que pode quedar resolta no prazo de catro meses, fronte á vía xudicial que se resolvería nun prazo de ata 5 ou 6 anos, algo que foi recoñecido incluso polo Fiscal Xefe do TSXG.
- Asimesmo, desde febreiro a Xunta empezou a remitir as reclamacións que chegaron ao IGC á Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; isto está servindo de base para a preparación de demanda colectiva.
- As respostas en todas estas reunións son sempre as mesmas, que non poden autorizar o canxe do produto, sen a autorización da Dirección Xeral de Competencia da Comisión Europea, que depende do Comisario Joaquin Almunia, ex líder do PSOE.

Polo que se refire a creación dunha comisión de investigación no Parlamento de Galicia para esclarecer responsabilidades na xestión das caixas, o PPdeG, xa reiterou a vontade, de que unha vez que se canalice o futuro de Novagalicia, se abra a citada comisión.

Non hai intención de ocultar nada, pero tampouco de dificultar o proceso de recapitalización como o que está a atravesar o banco galego. Ao PPdeG lle importa moito o futuro dos aforros de milleiros de galegos a empresas. Se queremos realmente un banco de raíz galega, con sede social en Galicia e órganos de dirección galegos, (o que contribuiría maioritariamente ao mantemento dos postos de traballo) iste non parece ser o momento idóneo para que arranque a comisión, pois ben sabido é que todo o que non axuda, estorba. Non semella sensato, no actual contexto, sembrar máis incertezas e suscitar máis dúbidas. Que a xestión das caixas no pasado puido ser mellorable e que merecerá investigación, é certo, pero tamén o é que iste deberá ser o momento da unidade e da responsabilidade no que a aposta decidida sexa crear un clima de confianza para que NGB logre os seus obxectivos e teña un futuro propio.

A investigación constituirase tan pronto se coñezan e determinen os custes de recapitalización da entidade. O primeiro é garantir o futuro do banco e dos seus aforradores e despois investigar o pasado. O PPdeG nunca se opuso á investigación parlamentaria o que si se opón é a calquera elemento distorsionador do proceso de consolidación da entidade galega.

Polo que se refire a creación dun Banco Público, matizar que unha cousa é que se realice una recapitalización pública das entidades e que se manteña temporalmente ata que o mercado mellore, para así evitar perdas á apartación pública, e outra, crear, si se permite a expresión, un “novo chiringuito”. Non existen precedentes nos países occidentais, e semella máis apropiado doutras épocas.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que se van absterse xa que debido á extensión e contido dos puntos da moción fáltalles información e posiblemente atribucións. Por outra banda, no tocante ao punto 3º xa se trouxo a este Pleno e o punto 5 xa se valorou e atendeu polo Goberno.

A voceira do grupo municipal BNG, D.ª Adelina Ces Quintáns quere aclarar en relación ao punto 2º que sendo un país democrático se podería acadar xa que o pobo é o que ordena,

pon os cartos e polo tanto decide. Na moción en conxunto o que se require é saber que pasou e para denunciar as irregularidades existentes, non agachándose a información aos consumidores, sendo todo isto preciso para voltar a ter confianza nos bancos.

O alcalde D. Adolfo Muíños Sánchez engade que o Estado vai responder en caso de que os bancos incumpran. Mentres, os beneficios que reciben unicamente son para os bancos e non para os cidadáns. É preciso que cada país teña unha banca pública e non estar o diñeiro en bancos privados, por outra banda o Estado español vai responder fronte a Unión Europea deste rescate, pero si é así e a solvencia reside no pobo español como di a Constitución.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 6 concelleiros (os 6 do BNG), 4 abstencións (os 4 do PSOE-PSdeG) e 6 votos en contra (os 6 do P.P.), do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, prodúcese empate de votos afirmativos e negativos.

Conforme ao artigo 100.2. ROF 2568/1986, efectúase unha nova votación e indícase que de persistir o empate decidirá o voto de calidade do Presidente da corporación. Sométese de novo a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 6 concelleiros (os 6 do BNG), 4 abstencións (os 4 do PSOE-PSdeG) e 6 votos en contra (os 6 do P.P.), do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, prodúcese un segundo empate de votos afirmativos e negativos.

Considerando que o voto do Alcalde é afirmativo, a moción resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

7.- ROGOS E PREGUNTAS

NOVOS ROGOS E PREGUNTAS

O Alcalde ofrece a quenda á voceira do grupo do PP.

M^a Vanesa Martínez Duran, concelleira do PP, formula os seguintes:

Rogo 1.- que se poñan aseos e duchas na praia do Porrón.

O Alcalde pasa a palabra ao concelleiro de Obras, Servizos, Protección Civil e Medio Ambiente.

O Concelleiro D. Constantino Castaño Calvo di que en principio non hai posibilidade.

O Alcalde di que na praia das Cunchas si que vai a haber.

Rogo 2.- . cando se arranxará a ruta de sendeirismo no Pozo Bastón no Araño.

O Alcalde di que en canto a isto cando cheguen as subvencións da Xunta de Galicia comezarán os traballos pero si a Xunta de Galicia soamente aporta o 30% isto ralentizaríase. O mesmo acontece con outras rutas que agora estase xestionando con outras entidades (comunidades de montes, etc)

Pregunta 1.- Por qué non temos bandeiras azuis nas praias e cal é a dotación de socorristas?

O Alcalde di que as bandeiras están solicitadas pero aínda non ten resposta por escrito, en calquera caso o servizo vai a ser o mesmo que se as tiveran, ademais ten pronto a Xunta de Galicia nos indique canto persoal (socorristas) nos corresponde e cofinancian poderán contratarse e distribuírse.

O que si se ten é información da calidade das augas, e xa está o concello facendo a selección dunha bolsa de peóns para a limpeza de praias e tractoristas.

Pregunta 2.- estamos ao día no pago de Sogama?

O Alcalde toma nota.

Pregunta 3.- de onde se sacaron os cartos para as placas solares do polígono e cal é o punto de evacuación?

O Alcalde pasa a palabra ao 1er Tenente de Alcalde, Don José Carlos Gey Hermo quen di que os cartos verían da Xunta de Galicia. Na Mesa de comercio acordouse solicitar a colocación de paneis solares e de puntos de información-

A concelleira do PP, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que se enteraron por unha nota de prensa.

Pregunta 4.- por qué a Fonte de Rinlo esta sen auga?

O Alcalde di que en principio non hai motivo para que non funcione, o aviso o recibiron fai uns días despois de non funcionar. En calquera caso se plántea a dubida de si neste tempo si é procedente o funcionamento ao 100% das fontes, pois afecta ao consumo de auga.

O Concelleiro do PP Don José Ricardo Besada Gesto di que ven da traída municipal e que dubida que teña autorización de Augas de Galicia.

O Alcalde di que lle sona que si a ten de cando estaba na oposición.

Pregunta 5.- cando se procederá a limpeza do estanque de Rinlo?

O Alcalde di que cando se teña o persoal de limpeza de praias, coa limpeza do paseo marítimo, se poderá facer.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:47 HORAS, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:49 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo